

ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN

ASUNTO: APERTURA DA NOVA OFERTA PRESENTADA Á CONTRATACION DA PRESTACIÓN DE SERVIZO CONSISTENTE NO DESEÑO E DESENVOLVEMENTO DUN XEOPORTAL WEB DA REDE DE CIDADES/VILAS AMURALLADAS DO PROXECTO “ MURALLA DIXITAL” (0413-MURALLA DIXITAL – 1E) INTEGRADO NO PROGRAMA OPERATIVO DE COOPERACION TRANSFRONTEIRIZA ESPAÑA-PORTUGAL 2007-2013 (POPTEC) COFINANCIADO NUN 75% CON FONDOS FEDES DA UNION EUROPEA. -----

Sendo as 13:30 horas do día 16 de maio de 2014, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma. Sra Tenenta de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprego, Autónomos e Educación dona Sonia Méndez García, actuando como vocais dona Esther Muñoz, polo Grupo Municipal do PSG-PSOE, don Ángel Trabada Gómez polo Grupo Municipal Popular, dona Cristina Ferreiro polo Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor do Excmo. Concello de Lugo, dona Ana Sáez Mancebo, Titular da Asesoría Xurídica e actuando como secretario don Manuel Louzao Aldariz, xefe do servizo de Contratación, patrimonio e fomento.

Abre a sesión o secretario da Mesa para informar que na sesión celebrada 9 de maio acordouse conceder a todos os licitadores a oportunidade de presentar unha nova oferta que puidese mellorar a presentada inicialmente, dándolles un prazo de 3 días hábiles para a presentación da nova oferta. Neste sentido presentaron a súa oferta:

1.- ARDINOVA CONSULTING S.L.fai a seguinte mellora na súa oferta:

- Oferta como prezo de contrato: **38.800 euros** máis o IVE 21% (**8.148 euros**), resultando un total de **46.948 euros** IVE incluído.
- Un prazo de execución de 4 semanas
- Incremento do prazo mínimo de garantía: 24 meses a maiores do mínimo de 36 meses
- Un aloxamento profesional do xeoportal nun servidor web de **24 meses** a maiores do mínimo de 36 meses

2.-DIGITUM3D S.L.fai a seguinte mellora na súa oferta:


- Prezo de contrato: **39.900 euros** máis o IVE 21% (**8.379 euros**), resultando un total de **48.279 euros** IVE incluído.
- Un prazo de execución de 5 semanas.
- Incremento do prazo mínimo de garantía: **24 meses** a maiores do mínimo de 36 meses
- Un aloxamento profesional do xeoportalo nun servidor web de **24 meses** a maiores do mínimo de 36 meses

Dado que á vista de todas as proposicións, a presentada pola mercantil **ARDINOVA CONSULTING S.L** é a mellor en todos os aspectos obxecto de negociación, os integrantes da mesa acordan seleccionala como oferta economicamente máis vantaxosa; previo informe do coordinador do proxecto "Muralla Dixital" no que se acredite que cumpre coas especificacións técnicas esixidas no prego para o cumprimento do contrato. Así mesmo acordan requirir á sinalada mercantil, para que, dentro do prazo de 10 días hábiles, presente a documentación xustificativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa seguridade social, xustificante de atoparse de alta no IAE, último recibo do seu aboamento, declaración xurada de non terse dado de baixa na matrícula do sinalado imposto; así como ter constituída unha garantía definitiva por importe do 5% do prezo de adxudicación excluído o IVE.

Sen máis que tratar, dáse por rematada a sesión sendo as 14:00 horas do día anteriormente sinalado.

A PRESIDENTA

Asdo.: Sonia Méndez García



O SECRETARIO

Asdo.: Manuel Louzao Aldariz

